


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

30-31 de maio do 2026

FESTA DA SANTÍSIMA TRINDADE



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 3 Unha xuntanza de amor*

Celebrante:

Imos comezar a nosa celebración facendo referencia ao gran misterio que nos presenta a liturxia deste día e que moitas veces, por rutina ou costume, non nos damos conta. Invocamos á Trindade, e por iso compartimos no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Dende o noso bautizo formamos parte da Igrexa e proclamamos ao Deus que comparte a nosa historia, o Deus que nos mostrou Xesús coa súa vida e que quere relacionarse con nós en todas as situacións nas que nos atopemos.

Un Deus Pai-Nai que nos coida e agarima. Un Deus Fillo-Irmán que está á nosa beira ensinándonos o camiño de amar e compartir coma irmáns. Un Deus Espírito Santo que alenta no noso interior para formar parte da comunidade dos crentes.

Este único Deus invítanos agora a participar na fe arredor da mesa na que o Pai nos dá en alimento ao seu Fillo para que co Espírito Santo formemos tamén nós unha única comunidade na que todos somos acollidos e queridos sen distincións.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Neste momento de conversión queremos facer tamén referencia a ese Deus Trindade para que acepte as nosas boas obras e perdoe cando o facemos mal ou non facemos o ben que debemos facer:*

Monitor/a

✓ Polas veces que seguimos presentando a Deus na trindade de xuíz, vingativo e cruel

PAI, TEN PIEDADE DE NÓS

✓ Polas veces que nos falta ilusión e confianza, e convertémonos en cristiáns cheos de rutinas

FILLO, TEN PIEDADE DE NÓS

✓ Polas veces que na nosa vida non sentimos a Deus a nosa beira, e deixámonos encamiñar polo competir, o ter e o poder sobre os demais

ESPÍRITO SANTO, TEN PIEDADE DE NÓS

Celebrante: *O Señor todopoderoso ten piedade de nós, dos que teñen un lugar nas nosas vidas, dos que lles costa crer e dos que non atopan a Deus. A todos nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. AMÉN*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Pedimos hoxe que saibamos ser e dar bo exemplo de Deus na nosa comunidade.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus Pai, ti revelaches ao xénero humano o admirable misterio do teu ser, enviando ao teu Fillo, Palabra da verdade, e ao Espírito da santidad, concédenos profesar a nosa fe en Ti e recoñecer a túa gloria na unidade das tres persoas. Pedímoscho por Cristo, Noso Señor. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Escoitemos agora a Palabra de Deus que nos mostra a un PAI que nos quere, a un ESPÍRITO que alenta no noso corazón para así sabernos salvados por CRISTO.*

A escoita desta Palabra dámos a oportunidade de estar á beira de Deus e dos irmáns como unha gran familia e comunidade.

Leccionario I A páx 296 **2 Cor 13, 11-13** LECTURA



LECTURA DA SEGUNDA CARTA DE SAN PAULO AOS CORINTIOS

Irmáns e irmás:

Estade alegres, procurade a perfección, dádevos azos, andade de acordo, vivide en paz e o Deus do amor e da paz estará convosco. Saudádevos uns aos outros co ósculo santo. Mándanvos saúdos todos os cristiáns.

Que a graza do Señor Xesús Cristo, o amor de Deus e a comunión do Espírito Santo vos acompañen a todos.

Palabra do Señor

🎵 n° 41 *Quen nos vai separar de Ti* SALMO



(en pé) *Leccionario I A pág 296 Xn 3, 16-18 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela díxolle Xesús aos seus discípulos:

- De tal xeito amou Deus o mundo, que lle deu o seu Fillo Unixénito, para que todo o que cre nel non se perda, senón que teña vida eterna.

Non mandou Deus o Fillo ao mundo para que xulgue o mundo, senón para que por el se salve o mundo. O que cre nel, non é xulgado; mais o que non cre, xa está xulgado, porque non creu no Fillo Unixénito de Deus.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

A xeito de homilía, que nos propón esta Palabra que vimos de escoitar?

Hoxe cremos en Deus Trindade, e cremos na paz para sementala e calar aos violentos que non teñen valor para ser tolerantes e respectuosos con quen vive e pensa diferente, aquí, ou onde sexa.

Hoxe cremos en Deus Trindade, e cremos na tenrura para agarimar e estar á beira das mulleres que sofren violencia de xénero.

*Hoxe cremos en Deus Trindade,
e cremos na acollida para cos refuxiados erguer pontes
en lugar de muros facendo do mundo un fogar en
irmandade.*

*Hoxe cremos en Deus Trindade,
e cremos que está con nós á hora de ter preocupación
ecolóxica porque nas nosas mans está o coidado e a
responsabilidade con esta natureza que nos rodea.*

*Hoxe cremos en Deus Trindade,
e cremos que está con nós na responsabilidade de
coidarnos e coidar aos demais nas alegrías e nas dores,
nas esperanzas e nos fracasos, na saúde e na
enfermidade.*

*Hoxe cremos en Deus Trindade,
e cremos que está no medio da nosa comunidade
porque non está para xulgar senón para salvar e dar
vida.*



PROFESIÓN DA FE

Celebrante *Deixémonos alumar pola luz da fe que
recibimos no bautismo e profesemos a nosa fe no
Deus-Trindade de persoas. Dicimos:*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Cremos en Deus PAI-NAI,
que se nos quixo facer cercano e que quere formar parte
na nosa historia?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Cremos en Deus FILLO, Xesucristo,
que nos envía a anunciar o evanxeo no nome do Deus
amor que se fai en comunidade?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Cremos en Deus ESPÍRITO SANTO,
que vive en nós alentándonos na construción dun mundo
que sexa de novo “á imaxe e semellanza de Deus”?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Cremos na IGREXA, COMUNIDADE,
que se descubre, á imaxe de Deus, cimentada no afecto
e anunciadora dun Deus capaz de encher de amor o noso
corazón?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Movidos polo Espírito que habita en nós, coa intercesión do Fillo, oremos ao Pai dicindo:*

SEÑOR, ESCOITA A NOSA ORACIÓN

Monitor/a:

- ✓ Señor, necesitamos unha Igrexa crible para non caer na tentación da intolerancia, que impide anunciarte como Deus de amor e comunión. Axúdanos
- ✓ Señor, necesitamos unhas parroquias que sexan lugar de encontro, de compartir experiencias, de traballo solidario, vivindo a fe. Axúdanos
- ✓ Señor, necesitamos darnos conta do importante que é aportar o noso esforzo para que medre a paz e o ben común. Axúdanos
- ✓ Señor, necesitamos ser un mellor exemplo para as persoas que te buscan e non te atopan porque os nosos feitos non nos fan cribles. Axúdanos
- ✓ Señor, necesitamos esperanza e atrevemento para non contentarnos con moito do que pasa ao noso arredor. Axúdanos

Celebrante: *Señor, dende o corazón do mundo queremos chegar ao teu corazón. Fainos comunidade de crentes que se aventura no teu camiño e na túa vida facendo evanxeo por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Con esta oración, Xesús mostrounos un Deus que nos quere e se preocupa por nós, un Deus Pai e Nai atento co que podemos falar de corazón.*

Non caiamos en rutinas repetitivas, senón que sintamos de verdade, en Espírito, o que dicimos agora en oración:

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Agora o signo da paz quere mostrar que todos formamos unha soa comunidade nos sentimentos que nos transmite a fe. Fagamos honor ao noso nome de cristiáns; aollamos a paz e deamos exemplo dela no fogar e na parroquia.*

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: Deus Pai convidanos a compartir o pan da vida eterna en comunidade. Xesús faise presente no medio de nós como irmán que dá vida. O Espírito alenta amor en cada un de nós para sermos e darmos exemplo do Evanxeo. Ditosos nós convidados a esta festa da Trindade do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 nº 43 *Non vou só*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor noso Deus,
que a nosa fe en Ti,
comunidade de persoas,
nos consiga a salvación,
pois animados polo Espírito Santo
queremos facer noso o camiño de Xesús, teu Fillo,
para chegarmos a participar do teu corazón de Pai,
resucitados para sempre eternamente. Amén

Retomamos hoxe na liturxia o tempo ordinario.

Facémolo tratando de comprender a ese Deus que cada día nos manifesta o seu amor no camiño da nosa vida.

Saibamos levar ao día a día a presenza dese Deus Comunidade que quere que todos participemos con El na construción do Reino.

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz. Deámoslle grazas a Deus*

🎵 nº 56 *Ide e pregoade a Nova de Deus*

